



**PROGRAMACIÓN DO EQUIPO DE
DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA
CURSO 2020-2021**



ÍNDICE

Páx.

1. Introducción. Adaptación da Programación á situación Covid-19..... 2-3
2. Obxectivos do EDL.....4-9
 - 2.A. Obxectivos para o contorno sociolingüístico do centro....4
 - 2.B. Obxectivos para o profesorado....5
 - 2.C. Obxectivos para o alumnado.....5-8
 - 2.D. Obxectivos para favorecer a situación lingüística do centro....8
3. Proposta de actividades de dinamización lingüística adaptados ao contexto Covid-19.....
..... 8-10

1. INTRODUCCIÓN. ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Á ACTUAL SITUACIÓN SANITARIA.

Por mor da situación provocada pola Covid-19, o EDL do noso centro viuse e vese na obriga de mudar a súa maneira de organizar as súas actividades de dinamización lingüística para este curso 2020-2021.

O estado de alerta sanitaria do derradeiro trimestre do curso anterior impediu que se levasen a cabo varias actividades previstas para ese período. Para paliar ese baleiro, seguimos a traballar virtualmente a través do blog do EDL e-un-falar.blogspot.com, no que figuran 19 entradas sobre os traballos realizados durante o confinamento, a saber: efemérides, recensións literarias feitas polo alumnado, lecturas de obras literarias de Ricardo Carballo Calero, celebración do Día das Letras Galegas, busca de “palabras con memoria”, xogos, recensións lingüísticas relacionadas co léxico pertencente ao campo semántico da pandemia, etc.

Neste curso 2020-2021, sempre que a situación o permita, trataremos na medida do posible de realizar un bo número de actividades normalizadoras e dinamizadoras da nosa lingua, descartando, ao noso pesar, as saídas, excursións e actividades fóra do centro.

Xa que logo, retomaremos algunhas actividades que ficaron a medio facer o curso pasado e organizaremos outras novas.

O blog continuará máis ca nunca a ser o voceiro do noso traballo e contribuirá a suplir toda actividade que non se puidese realizar de xeito presencial en posibles casos de corentena ou confinamento.

Malia as restricións, a filosofía do EDL do IES Leiras Pulpeiro non vai cambiar e continuará co seu traballo dinamizador entre toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, persoal non docente, pais e nais). Trataremos de continuar organizando recitais poéticos, festexar as Letras Galegas, facer campañas de fomento do uso do galego, colaborar e participar en actividades promovidas por entidades locais ou de calquera lugar de Galicia, convidar escritoras e escritores a realizar charlas sobre as súas obras, organizar concursos literarios, participar na radio do centro, etc.

En resumidas contas, malia as limitacións alleas á vontade de todas e todos, neste curso seguiremos a traballar nunha liña semellante á desenvolta até o momento a prol dun uso

normalizado da lingua galega e a prol da superación de prexuízos lingüísticos fortemente arraigados no subconsciente colectivo.

2. OBXECTIVOS DO EDL

Como obxectivo último deste equipo perséguese a utilización do galego como lingua normal de uso a todos o niveis e en todas as situacións da actividades do Centro. Para isto cómpre facer fincapé nunhas erie de obxectivos concretos e comúns a toda a comunidade escolar:

- 1.-Clarificar o papel do idioma como sinal de identidade individual e colectiva.
- 2.-Demostrar a validez da lingua como instrumento de cultura e vehículo privilexiado de comunicación.

A. OBXECTIVOS PARA O CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO:

- A.1.-Posibilitar que as familias valoren a lingua galega como algo fundamental na formación dos seus fillos.
- A.2.-Contribuír a superar moitos prexuízos con respecto á nosa lingua que aínda perviven no subconsciente dunha boa parte da sociedade.
- A.3.-Colaborar con outras institucións externas ao Centro para potenciar o uso da lingua galega en diversos contextos comunicativos.

B. OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO:

- B.1- Colaborar co profesorado que imparte a súa materia en lingua galega, intentando compartir material en galego das distintas áreas.
- B.2.-Ampliar a bibliografía a disposición da comunidade escolar co material necesario para a utilización do galego como lingua vehicular no ensino.
- B.3.-Promover a participación do profesorado en actividades onde se empreguen a lingua galega, así como en actividades que proporcionen un mellor coñecemento da realidade e a cultura galegas.
- B.4. Promover o traballo interdisciplinar entre profesorado de distintos departamentos do centro.

C. OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO

- C.1.-Tentar evitar que os alumnos e alumnas galego-falantes se sintan discriminados por compañeiros que habitualmente falan castelán. A comprensión e a tolerancia serán argumentos válidos en todos os contextos, tamén no lingüístico. Un dos obxectivos primordiais é que o alumnado do EDL empregue a lingua galega en todas as situacións comunicativas.
- C.2.-Priorizar as actividades dirixidas a fomentar a utilización da lingua galega a expresión, a afectividade e a utilidade, reforzando a súa dimensión comunicativa e instrumental en relación con contextos vivos e dándolle un protagonismo central á oralidade.

- C.3.- Empregar as TIC en numerosas actividades para mostrar a validez da lingua galega neste ámbito de uso.
- C.4.- Colaborar e apoiar o plan lector que se desenvolve no IES Leiras Pulpeiro para promover a lectura en lingua galega e aumentar así a competencia lingüística do alumnado.
- C. 5.-Promover a participación do alumnado en actividades onde se empreguen a lingua galega, así como tamén nas que proporcionen un mellor coñecemento da realidade e a cultura galega.
- C:6.-Axudar a interiorizar ós alumnos e alumnas unha realidade: o galego é unha lingua tan válida coma outra calquera para expresar todo tipo de ideas, emocións, sentimentos...
- C.7.-Facerlles ver ás rapazas e ós rapaces que o galego pode ser empregado en calquera das distintas canles comunicativas: oral, escrita, musical, teatral, cinematográfica...
- C.8.- Axudar o alumnado a mellorar o nivel de autoestima respecto da nosa lingua e da nosa cultura, a superar o complexo de inferioridade lingüístico que aínda se observa en boa parte da poboación galega, e máis en concreto en moitos dos nosos alumnos e alumnas.
- C.9.-Achegar ó alumnado textos poéticos significativos para que descubra, valore e se conciencie da cantidade e calidade da literatura galega. Ó mesmo tempo, facer ver a cantidade de galegos e galegas que expresaron os seus sentimentos na nosa lingua para que comprenda de cantas, variadas, fermosas e inesgotables maneiras se fixo e se pode seguir facendo.
- C.10.-Utilizar as novas tecnoloxías na elaboración de materiais e montaxe dos mesmos.

C.11.-Achegar a figura e a obra de autores e autoras galegos vivos desde unha perspectiva máis humana para facilitar a mellor comprensión e, se cabe, a identificación con eses autores e coas súas respectivas producións en galego.

C.12.-Concienciar o alumnado da cantidade de homes e mulleres –moitos deles mozos aínda- que están a desenvolver a súa creatividade en galego e do alto nivel de calidade que acadan.

C.13. -Coñecer e valorar a figura de Ricardo Carballo Calero, autor ao que se lle dedican as Letras Galegas no 2020 e para o que seguirá habendo actos na súa honra que non puideron ter lugar no seu momento por mor do confinamento.

C.14.-Empregar o galego en actos públicos e académicos, desenvolvendo así competencias activas no uso da lingua e demostrar a validez do galego como lingua transmisora de coñecementos.

C.15.-Procurar información por diversos medios (bibliografía e internet, utilizando recursos sonoros e visuais na súa montaxe) e utilizar as novas tecnoloxías para a elaboración de materiais.

C.16.-Potenciar o coñecemento por parte do alumnado de Galicia e o seu patrimonio artístico e cultural.

C.17.-Estimular a creatividade na escrita partindo de modelos literarios e promover a creación literaria para desenvolver a competencia comunicativa activa que representa a escritura.

C.18.-Reivindicar o uso do galego e loitar contra a discriminación deste mediante actividades creativas e lúdicas.

C.19.-Normalizar o uso do galego nas TIC e nas redes sociais.

C.20.-Contribuír, en definitiva, a normalizar e dinamizar o uso da nosa lingua.

D. OBXECTIVOS PARA FAVORECER A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO *Curso2020-2021*

D.1.-Utilizar o galego na documentación administrativa e de xestión do Centro: actas, documentación de secretaría, avisos, correspondencia, comunicacións da ANPA...

D.2.-Utilizar o galego como lingua vehicular en todas as situacións comunicativas orais: reunións coa xunta de delegados, presentacións do alumnado...

D.3. – Promover a colaboración de outros Departamentos didácticos en actividades a prol da nosa lingua.

D.4.- Normalizar o uso do galego nas TIC e nas redes sociais.

3. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Nota: como xa comentamos na introdución, a realización dalgunhas actividades quedará supeditada á situación do momento (corentena, confinamento) e levaranse a cabo se poden garantir as medidas seguridade axeitadas (espazo, hixiene, ventilación, etc.)

- Convocatoria do concursol iterario *LetrasGalegas 2021* no que poderá participar todo o alumnado do centro.
- Celebración da Festa das LetrasGalegas 2021 dividida en dúas quendas (1º ciclo da ESO, 2º ciclo da ESO e Bacharelato), na que se realizarán recitais ou breves pezas teatrais, alternándoas coas actuacións musicais propostas polo Departamento de Música.
- Participación nas actividadespropostas polo Museo do Pobo Galego no curso 2020-2021 relacionadas co coñecemento do noso patrimonio e cultura.

- Celebración do *Día de Rosalía* 24 de febreiro coas actividades propostas pola AELG (Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega)
- Participación no IIº Concurso de videopoemas sobre composicións poéticas de Rosalía e Manuel María organizado pola Casa-Museo Manuel María e noutras actividades en torno ao poeta propostas polo Instituto de Estudos Chairegos.
- Deseño e elaboración de marcapáxinas, chapas, adhesivos, con lemas relacionados coa promoción da lingua galega ou ben con creacións literarias do alumnado.
- Celebración dun encontro/charla/obradoiro con algún escritor ou escritora cuxas obras lean o noso alumnado nalgún dos cursos da ESO ou Bacharelato.
- Celebración do Día da oralidade cunha actividade relacionada coa cultura galega.
- Participación en actividades propostas por organismos lucenses como a Biblioteca Municipal (*concurso de Poemas de Nadal e Letras Galegas*) ou a Deputación de Lugo (*Semana das Letras Galegas*)
- Seguir a colaborar na actividade “Palabras con memoria” coordinada pola AELG.
- Colaborar na elaboración do Calendario Estiño 2021.
- Participación en actividades propostas por organismos públicos e privados de toda Galicia (concursos literarios varios, actividades lúdicas de promoción do galego)
- Colaboración co proxecto ERASMUS do centro en aspectos ou con actividades relacionadas coa nosa lingua e cultura.
- Colaborar en actividades propostas por calquera compoñente do EDL ou integrantes da comunidade educativa do IES Leiras Pulpeiro

- Amosar e compartir as actividades do EDL no blog de dinamización: e-un-falar.blogspot.com. e nas redes sociais do centro (Facebook, Instagram)

Lugo, 21 de setembro de 2020

A coordinadora

A handwritten signature in blue ink, appearing to be 'BMA', written in a cursive style.

Belén Martín Franco

